

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 3789** *Real decreto 199/2009, do 23 de febreiro, polo que se modifica o Estatuto da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, aprobado polo Real decreto 1114/1999, do 25 de xuño, polo que se adapta a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre á Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, se aproba o seu estatuto e se acorda a súa denominación Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda.*

A Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda é un organismo público, entidade pública empresarial, que realiza actividades de interese xeral de natureza industrial e/ou mercantil, principalmente en relación con produtos e servizos oficiais que requiren un alto grao de seguranza, tanto canto ás características da súa fabricación e tecnoloxía empregada, como no concernente á seguranza das súas instalacións. Os destinatarios habituais desta actividade da entidade son as administracións públicas e as entidades e os organismos públicos vinculados ou dependentes delas.

De conformidade cos artigos 4.1.n) e 24.6: execución de obras e fabricación de bens mobles pola Administración e execución de servizos coa colaboración de empresarios particulares, da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, establécese a condición de medio propio e servizo técnico da Administración como instrumento xurídico destinado a facilitar as relacións entre as diferentes administracións públicas e aqueles organismos que foron creados para desenvolver e executar determinado tipo de actividades con características singulares que, no caso da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, están vinculadas coa fabricación e securización de produtos oficiais, así como coa prestación de asistencia técnica e realización de determinados servizos electrónicos, informáticos e telemáticos.

O artigo 24.6, último parágrafo, da referida Lei 30/2007, do 30 de outubro, dispón que a norma de creación ou o correspondente estatuto do organismo deberá recoller expresamente a súa condición de medio propio e servizo técnico.

O estatuto da entidade, aprobado polo artigo 1 do Real decreto 1114/1999, do 25 de xuño, polo que se adapta a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre á Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, se aproba o seu estatuto e se acorda a súa denominación como Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, dado o seu carácter antecedente á citada Lei 30/2007, do 30 de outubro, non incorpora a condición de medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado, non obstante deixa patente a posibilidade de recibir e realizar encomendas de xestión, sen dúbida precedente do actual concepto xurídico comentado.

A Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda realiza, desde a súa creación, como parte esencial da súa actividade, a prestación de servizos e a fabricación de produtos oficiais para a Administración xeral do Estado. Á Subsecretaría de Economía e Facenda, órgano de adscrición da entidade, correspóndenlle a dirección estratéxica e a avaliación e o control de resultados, polo que a Administración xeral do Estado, a través desta adscrición e das funcións atribuídas no estatuto da entidade ao ministro de Economía e Facenda, exerce sobre esta un control análogo ao que exerce sobre os seus propios servizos.

Doutro lado, a atribución de encomendas por parte da Administración xeral do Estado resulta de obrigado cumprimento, con base nas instrucións fixadas unilateralmente polo encomendante e nas retribucións ou tarifas que son aprobadas polo órgano de adscrición da entidade.

En consecuencia, considerando que no caso da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda se dan os presupostos tanto legais como materiais para que a

entidade posúa a condición de medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado, para continuar co seu actual modelo de relación coa Administración xeral do Estado e cos seus organismos públicos vinculados ou dependentes, procede a modificación do estatuto antes citado incorporando expresamente tal condición e realizando, ademais, outras actualizacións necesarias para adecuar o seu contido aos diferentes cambios legislativos que aconteceron no marco legal correspondente ao sector público e/ou Administración institucional.

En particular, e para os efectos da aplicación da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, incorpórase no estatuto a consideración de poder adxudicador da entidade, de acordo co previsto no artigo 3.3 desta lei.

Así mesmo, realízanse outras actualizacións ás referencias normativas vixentes, como á Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, á Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, ou á Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado.

Canto á condición de medio propio, é necesario introducir no proxecto unha disposición transitoria que estableza que é aplicable á entidade esta condición desde o 1 de maio de 2008, data de entrada en vigor da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público. Todo iso co obxectivo de que a actividade da entidade e os diferentes convenios e acordos que poidan ser subscritos con outras administracións públicas –antes da publicación da modificación do estatuto– queden amparados por esta disposición transitoria, permitíndolles aos diferentes organismos a tramitación sobre esta base.

Finalmente, en aplicación da Directriz de técnica normativa número 31, aprobada polo Acordo do Consello de Ministros do 22 de xullo de 2005, modificouse a forma de numeración das subalíneas do artigo 8.1 do Estatuto da entidade pública empresarial Fábrica Nacional de Moeda e Timbre–Real Casa da Moeda, polo que é necesario incorporar unha disposición derradeira que aclare que as referencias normativas vixentes realizadas ás subalíneas do artigo 8.1, correspondentes aos números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12 e 13, do Estatuto da entidade pública empresarial Fábrica Nacional de Moeda e Timbre–Real Casa da Moeda, se entenderán realizadas ás subalíneas do artigo 8.1, sinaladas coas letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), j), k), l) e m) do novo estatuto.

Na súa virtude, por proposta conxunta dos ministros de Economía e Facenda e de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de febreiro de 2009,

#### DISPOÑO:

*Artigo único. Modificación do Estatuto da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, aprobado polo artigo 1 do Real decreto 1114/1999, do 25 de xuño, polo que se adapta a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre á Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, se aproba o seu estatuto e se acorda a súa denominación como Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda.*

Modifícanse os seguintes artigos do Estatuto da entidade pública empresarial Fábrica Nacional de Moeda e Timbre–Real Casa da Moeda (FNMT-RCM), aprobado polo artigo 1 do Real decreto 1114/1999, do 25 de xuño, que quedan redactados do seguinte xeito:

Un. Engádesse un número 7 ao artigo 2 do Estatuto da FNMT-RCM, coa seguinte redacción:

«7. A Fábrica Nacional de Moeda e Timbre–Real Casa da Moeda é medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado nos termos da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e deste estatuto.»

Dous. Modifícase o artigo 3 do Estatuto da FNMT-RCM, que pasará a ter a seguinte redacción:

«Artigo 3. Réxime de contratación.

1. A Fábrica Nacional de Moeda e Timbre–Real Casa da Moeda, como entidade creada para satisfacer necesidades de interese xeral, ten a consideración de poder adxudicador para os efectos previstos no artigo 3.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro. A entidade aprobará, a través dos órganos competentes previstos neste estatuto, unhas instrucións internas de contratación, de conformidade co disposto no artigo 175.b) da Lei 30/2007, do 30 de outubro.

Nos procedementos que se van regular nas instrucións internas de contratación teranse en conta as características e medidas de seguranza que se aplicarán nos procesos administrativos e industriais para a produción de bens e a prestación de servizos que requiran de medidas seguranza especiais, conforme a lexislación aplicable ou, de ser o caso, as condicións fixadas pola Administración ou polo organismo encomendante.

2. A entidade, como medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado, de acordo cos seus fins, estará obrigada a aceptar as encomendas realizadas polo referido poder adxudicador, así como as realizadas polas entidades e organismos públicos vinculados ou dependentes del que sexan establecidas ou, se for o caso, autorizadas pola Subsecretaría de Economía e Facenda, en canto órgano directivo de adscrición da entidade, con competencias para fixar as condicións e tarifas correspondentes.

3. A entidade, no desenvolvemento da súa actividade, poderá realizar calquera actividade de carácter comercial, industrial, financeiro ou análogo, que sexa necesaria para o cumprimento dos seus fins e das encomendas de xestión recibidas, con facultades para a xestión e administración de fondos, subvencións, créditos, fianzas, avais e, en xeral, calquera clase de operacións financeiras.

4. A Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, en cumprimento dos seus fins, poderá formalizar convenios de colaboración coas diferentes administracións públicas ou coas súas entidades e organismos públicos vinculados ou dependentes, de acordo co artigo 4 da Lei 30/2007, do 30 de outubro.

5. A entidade non poderá participar en licitacións públicas convocadas polos poderes adxudicadores dos cales sexa medio propio ou servizo técnico, sen prexuízo de que cando non concorran ningún licitador se lle poida encargar a fabricación ou prestación obxecto delas, todo iso de conformidade co artigo 24.6 in fine da Lei 30/2007, do 30 de outubro.»

Tres. Modifícase o número 2 do artigo 4 do Estatuto da FNMT-RCM, que pasará a ter a seguinte redacción:

«2. A constitución de fundacións pola entidade requirirá autorización previa do Consello de Ministros. O réxime das relacións coa Fundación Real Casa da Moeda será o que se determina neste estatuto e o que derive dos acordos ou convenios entre as dúas entidades, de acordo co regulado pola lexislación de fundacións e coas previsións establecidas na lexislación orzamentaria, respecto das fundacións do sector público estatal.»

Catro. Modifícase o número 1 do artigo 8 do Estatuto da FNMT-RCM, que pasará a ter a seguinte redacción:

«Artigo 8. *Competencias do ministro de Economía e Facenda. Adscrición á Subsecretaría de Economía e Facenda.*

1. Sen prexuízo das competencias establecidas na Lei 6/1997, do 14 de abril, en canto ministerio de que depende a entidade, son competencias do ministro de Economía e Facenda:

a) A alta inspección e a superior autoridade da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda.

b) A aprobación por orde das normas polas que se desenvolvan as funcións que van desempeñar as seccións produtivas da entidade.

c) As previstas no artigo 81 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e na súa normativa de desenvolvemento.

d) A aprobación do límite económico dos investimentos, alleamentos e contratacións da entidade por encima do cal será necesaria a autorización deste órgano para a súa realización, nos termos do segundo parágrafo da letra g) do número 1 deste artigo.

e) A aprobación das contas anuais, así como da proposta de distribución do resultado en cada exercicio económico.

f) A facultade de suspender os acordos do resto dos órganos de goberno e administración.

g) A elevación ao Goberno do programa de actuación plurianual e dos orzamentos de explotación e capital; a aprobación dos programas anuais a que se refire o artigo 75.a) da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social; e a aprobación, de ser o caso, dos convenios ou contratos-programa co Estado, sen prexuízo do establecido na lexislación orzamentaria para os efectos da súa consignación nos orzamentos xerais correspondentes.

No programa de actuación plurianual ou, se é o caso, nos programas a que se refire o artigo 75 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, determinaranse os investimentos, alleamentos e contratacións que, atendendo á súa contía ou por calquera outra circunstancia concorrente nelas, deban ser aprobados polo ministro de Economía e Facenda.

h) A designación dos membros do Consello de Administración.

i) O cambio de denominación ou nome da entidade e do domicilio institucional, por proposta do Consello de Administración.

j) A interpretación dos preceptos deste estatuto.

k) Aprobar a creación de sociedades mercantís ou a súa participación nelas, cando a posición da entidade supere o 25 por 100 do capital social, sen prexuízo do establecido na lexislación orzamentaria.

l) A aprobación, por proposta do Consello de Administración e en defecto de acordo cos órganos de representación sindical do persoal da entidade, dos servizos esenciais nos casos previstos na lexislación aplicable.

m) Calquera outra competencia atribuída neste estatuto ou por disposición legal.»

Cinco. Modifícase o último parágrafo do número 2 do artigo 8 do Estatuto da FNMT-RCM, que pasará a ter a seguinte redacción:

«A Subsecretaría de Economía e Facenda, en canto órgano de adscrición da entidade, poderá exercer por delegación de competencias, de conformidade co disposto no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o exercicio xeral da condición de órgano de goberno e administración da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, así como o exercicio do dereito de asistencia ao Consello de Administración e, de ser o caso, ao das súas comisións delegadas a que se refiren os artigos 10 e concordantes deste estatuto, coa excepción das letras a), b), c), e), f), g), k) e l) do número 1 deste artigo.»

Seis. Modifícanse os números 6, 7, 8, 9, 10, 12, 15 e 18 do artigo 9 do Estatuto da FNMT-RCM, que pasarán a ter a seguinte redacción:

«6. Aprobar as instrucións internas que se deban observar nos procesos de contratación e tramitación de expedientes da entidade, así como a composición e funcións dos órganos que exerzan facultades de exame e proposta nas ditas tramitacións, respecto das diferentes formas de adxudicación, de acordo co establecido no artigo 3 deste estatuto.

7. Acordar o programa de actuación plurianual, os orzamentos de explotación e capital e aprobar os programas anuais a que se refire o artigo 75.a) da Lei 50/1998, do

30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, por proposta do director xeral; e, se for o caso, a proposta de convenio ou contrato-programa co Estado, para a súa elevación ao ministro de Economía e Facenda e posterior consignación nas leis de orzamentos correspondentes.

8. Aprobar a proposta, para o seu sometemento ao ministro de Economía e Facenda, das contas anuais de cada exercicio económico e acordar o procedente respecto á distribución de resultados, de acordo con este estatuto e a lexislación orzamentaria.

9. Aprobar, por proposta do director xeral, os convenios ou acordos previstos no artigo 81 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, e na súa normativa de desenvolvemento e os convenios de colaboración a que se refire o artigo 3.4 deste estatuto.

10. Aprobar o réxime de relación e o importe, de ser o caso, da subvención que vai percibir pola Fundación Real Casa da Moeda, de competencia ou titularidade da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, logo do cumprimento pola entidade fundacional das obrigas establecidas na lexislación orzamentaria para este tipo de fundacións, sen prexuízo da aplicación da súa normativa especial.

12. Aprobar o inventario de bens e dereitos, tanto propios como adscritos, se é o caso, de acordo coa Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas. Na formación e mantemento deste inventario excluíranse os bens de carácter funxible.

15. Aprobar a creación de sociedades mercantís ou a súa participación nelas, cando a posición da entidade sexa igual ou inferior ao 25 por 100 do capital social, sen prexuízo do establecido no artigo 8.1, letra k), deste estatuto.

18. Proporlle ao ministro de Economía e Facenda, para a súa autorización, o establecemento ou modificación das contías dos prezos públicos e das tarifas relativas aos servizos e actividades a que se refire o artigo 2, números 1.g) e 6 deste estatuto.»

Sete. Modifícase o número 1 do artigo 16 do Estatuto da FNMT-RCM, que pasará a ter a seguinte redacción:

«1. A asistencia ás reunións do Consello de Administración, por parte dos seus membros e asesores, dará dereito a percibir a correspondente compensación económica, de conformidade, en caso de que sexan persoal ao servizo da Administración pública, co disposto nas disposicións reguladoras das indemnizacións por razón do servizo e na Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado.»

Oito. Modifícase a alínea f) do número 2 do artigo 19 do Estatuto da FNMT-RCM, que pasará a ter a seguinte redacción:

«f) Proporlle ao Consello o programa de actuación plurianual e os orzamentos de explotación e capital, os documentos a que se refire o artigo 9.8 deste estatuto e a proposta dos programas anuais a que se refire o artigo 75.a) da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.»

Nove. Modifícase o número 2 do artigo 25 do Estatuto da FNMT-RCM, que pasará a ter a seguinte redacción:

«2. A Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, ademais de patrimonio propio, poderá ter bens e dereitos patrimoniais adscritos pola Administración xeral do Estado, de conformidade coa Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.»

Dez. Modifícase o artigo 26 do Estatuto da FNMT-RCM, que pasará a ter a seguinte redacción:

«Artigo 26. Réxime aplicable.

1. O réxime correspondente aos bens patrimoniais propios é o establecido na Lei 33/2003, do 3 de novembro.



2. A entidade formará e manterá actualizado un inventario de bens e dereitos, tanto propios como adscritos, con excepción dos de carácter funxible. O inventario revisarase, de ser o caso, anualmente con referencia ao 31 de decembro, e someterase, no primeiro trimestre do ano, á aprobación do Consello de Administración de acordo co artigo 9.12 deste estatuto.

O inventario, unha vez aprobado, remitirase ao Ministerio de Economía e Facenda para os efectos previstos legalmente.»

Once. Modifícase a alínea e) do número 1 do artigo 28 do Estatuto da FNMT-RCM. A anterior alínea e) pasará a denominarse f), coa seguinte redacción:

«e) Os ingresos procedentes da súa actividade como laboratorio oficial do Estado, tanto para os particulares coma para os poderes públicos.

f) Calquera outro recurso non previsto nos números anteriores que lle puiden ser atribuído.»

Doce. Modifícase o número 2 do artigo 28 do Estatuto da FNMT-RCM, que pasará a ter a seguinte redacción:

«2. A Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, na prestación de servizos e realización de actividades a que se refire o artigo 2.1, letra g), deste estatuto, poderá establecer prezos públicos como contraprestación por esta actividade, nos termos que determina a Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, logo de autorización do ministro de Economía e Facenda.»

Trece. Modifícase o artigo 29 do Estatuto da FNMT-RCM, que pasará a ter a seguinte redacción:

«Artigo 29. Convenios e contratos-programa.

A entidade poderá subscribir convenios ou contratos-programa co Estado, os cales terán o réxime previsto no artigo 68 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, que será igualmente aplicable, salvo disposición específica en contra, a calquera réxime especial que a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda conviñer con calquera administración pública, ou cos seus organismos públicos, para os efectos de desenvolver as actividades prestacionais, a xestión de servizos ou a produción de bens de interese público que se lle encomenden ou adxudiquen, de acordo cos seus fins.»

Catorce. Modifícase o artigo 30 do Estatuto da FNMT-RCM, que pasará a ter a seguinte redacción:

«Artigo 30. Réxime económico e de facturación.

1. O réxime económico e de facturación da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, no desenvolvemento dos seus fins, será o que resulte da súa organización pública empresarial, que deberá garantir, en todo caso, un adecuado funcionamento da entidade e a súa adaptación tecnolóxica, permitindo a realización dos investimentos necesarios así como a súa rendibilidade institucional.

A Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda fixará os seus prezos de facturación cando os destinatarios dos seus produtos ou servizos teñan natureza xurídica pública e se acordase a súa realización por adxudicación ou mediante convenio de colaboración nos supostos previstos na lexislación de contratos do sector público, ou por disposición legal, atendendo á equiparación entre o custo do produto, ou servizo, e o prezo que vai repercutir, o cal comprenderá necesariamente unha porcentaxe de beneficio industrial, que poderá oscilar en función dos volumes contratados ou doutras circunstancias obxectivamente atendibles.

A Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, cando actúe como medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado, aterase ás tarifas aprobadas pola Administración ou poder adxudicador encomendante, tendo en conta a equiparación entre o custo do produto ou servizo e o prezo que vai repercutir, o cal

comprenderá necesariamente unha porcentaxe de beneficio industrial, que poderá oscilar en función dos volumes contratados ou doutras circunstancias obxectivamente atendibles de acordo cos mercados correspondentes, quedando excluída, en todo caso, calquera partida que puiden ter a consideración de axuda pública.

2. As actividades previstas no artigo 2 deste estatuto, en que a entidade non actúe como medio propio, que tivesen por destinatario as administracións públicas, ou os seus organismos públicos, en réxime de contratación administrativa ou privada, ou, se é o caso, sociedades mercantís, empresarios ou particulares, terán o réxime económico e de facturación que derive das condicións dos mercados correspondentes e estarán dirixidas ao sostemento da entidade e ao seu financiamento, tendo o carácter de instrumentais para a consecución dos seus fins.

3. O disposto nos números anteriores enténdese sen prexuízo do establecido en relación cos produtos ou servizos cuxos prezos estiveren determinados por disposicións legais ou sometido o seu establecemento ou modificación á autorización previa do ministro de Economía e Facenda, por se tratar de prezos públicos no suposto previsto no artigo 28.2 deste estatuto.

4. A Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, para a percepción dos ingresos procedentes do artigo 28.1, letra e), deste estatuto, poderá aprobar tarifas oficiais e elaborar orzamento previo se for solicitado.»

Quince. Modifícase o artigo 31 do Estatuto da FNMT-RCM, que pasará a ter a seguinte redacción:

«Artigo 31. Contas anuais e contabilidade.

1. As contas anuais –que comprenden o balance, a conta de perdas e ganancias, un estado que reflita os cambios no patrimonio neto do exercicio, un estado de fluxos de efectivo e a memoria– así como a proposta de distribución do resultado formularaas, no prazo máximo de tres meses desde o peche do exercicio económico, o director xeral, que, xunto co resto de documentación exixida pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, as elevará ao Consello de Administración, para a súa aprobación polo ministro de Economía e Facenda, antes do 30 de xuño do exercicio seguinte, e posterior publicación.

2. Para os efectos do disposto neste artigo, entenderase que o exercicio económico coincide co ano natural.

3. A Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda levará a súa contabilidade axustada ao título V da Lei 47/2003, do 26 de novembro, no que sexa de aplicación ás entidades públicas empresariais, ás disposicións do Código de comercio e ao Plan Xeral de Contabilidade adaptado a este tipo de entidades.»

Dezaseis. Modifícase o artigo 32 do Estatuto da FNMT-RCM, que pasará a ter a seguinte redacción:

«Artigo 32. Aplicación de resultados.

O Consello de Administración, ao aprobar, para o seu sometemento ao ministro de Economía e Facenda, a proposta de distribución do resultado, poderá acordar a súa porcentaxe destinada á constitución de reservas na cantidade que resulte precisa para o adecuado funcionamento da entidade e o destinado a subvencionar a Fundación Real Casa da Moeda.

Aprobada esa proposta polo ministro de Economía e Facenda, ingresarase o resto no Tesouro, unha vez deducidas as porcentaxes mencionadas no parágrafo anterior.»

Dezasete. Modifícase o artigo 33 do Estatuto da FNMT-RCM, que pasará a ter a seguinte redacción:

«Artigo 33. Réxime orzamentario.

1. De conformidade co establecido no artigo 58 da Lei 6/1997, do 14 de abril, a entidade rexerese no relativo ao réxime orzamentario, económico-financieiro, de contabilidade, intervención e de control financeiro pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e demais disposicións vixentes sobre esta materia.

2. A entidade elaborará anualmente un programa de actuación plurianual, así como os orzamentos de explotación e capital que detallarán os recursos e as dotacións anuais correspondentes, todo iso de acordo co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, nas súas normas de desenvolvemento, así como na lexislación especial que resulte de aplicación.

O programa de actuación plurianual, así como os orzamentos de explotación e capital, presentarállos o director xeral ao Consello de Administración antes da súa remisión ao Ministerio de Economía e Facenda.»

Disposición transitoria única. *Efectos da condición de medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado.*

A condición da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre – Real Casa da Moeda, como medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado, prevista no estatuto da entidade, terá efectos desde o día 1 de maio de 2008.

Esta aplicación retroactiva da condición de medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado da entidade non afectará, en ningún caso, procedementos xa finalizados nin prexudicará dereitos de terceiro.

Disposición derradeira primeira. *Referencias aos subpuntos do artigo 8.1 do Estatuto da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda.*

As referencias normativas vixentes realizadas ás sublíneas do artigo 8.1, correspondentes aos números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12 e 13, do Estatuto da entidade pública empresarial Fábrica Nacional de Moeda e Timbre – Real Casa da Moeda, entenderanse realizadas, correlativamente, ás sublíneas do artigo 8.1 sinaladas coas letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), j), k), l) e m), na redacción dada polo número catro do artigo único deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de febreiro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia  
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ